



BOLETÍN RSU XANEIRO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Xaneiro 2021.



O ALUMNADO GALEGOFALANTE TOMA A PALABRA NO ALMANAQUE DA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DUVI 11/01/2021

Coincidindo co inicio do ano, a Área de Normalización Lingüística, ANL, acaba de difundir o seu almanaque, que en cada edición se ocupa dunha temática relacionada co galego. Co fin de expoñer as vivencias dos galegofalantes no eido universitario, neste novo documento toman a palabra os estudantes e cada un dos doce meses de 2021 está protagonizado pola fotografía dun alumno ou alumna e a súa opinión arredor da realidade lingüística da Universidade de Vigo. [+info](#).



Iria da Cuña, Mercedes Soto e Eva Lantarón

INVESTIGADORAS DE FISIOTERAPIA DEMOSTRAN A EFICACIA DUN TRATAMENTO PRECOZ FRONTE Á INCONTINENCIA URINARIA TRALA EXTIRPACIÓN DA PRÓSTATA

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 12/01/2021

Un programa de fisioterapia precoz permite recuperar, aos tres meses, a continencia urinaria ás persoas que, por mor do cancro, tiveron que ser sometidas á extirpación da próstata. Esta é a principal conclusión dun estudo levado a cabo polo grupo de investigación en Fisioterapia (FS1), cuxos resultados foron publicados na revista *Neurology and Urodynamics*. [+info](#).



Casal levou a cabo esta investigación con usuarios e usuarias de tres residencias

UNHA TESE ANALIZA OS EFECTOS DO PROGRAMA 'BRAINGYM' EN PERSOAS MAIORES CON DETERIORO COGNITIVO

DUVI PONTEVEDRA 13/01/2021

Nacido no ámbito educativo co propósito de solucionar problemas de aprendizaxe, o *BrainGym* é un método de exercicio físico baseado no movemento cuxo uso foi estendéndose a outro tipo de poboacións, como as persoas maiores. Analizar os seus posibles beneficios á hora de retardar o deterioro cognitivo de anciáns e anciás era o obxectivo central da investigación que Ángel Casal desenvolveu con usuarios e usuarias de tres residencias xeriátricas para a súa tese de doutoramento. [+info](#).

Xaneiro 2021.



María Lameiras e Yolanda Rodríguez son investigadoras do Grupo de Investigación en Sexualidade, Xénero e Saúde da UVigo

UN ESTUDO PIONEIRO ANALIZARÁ O “SEXISMO BENEVOLENTE” DOS PIROPOS

DUVI OURENSE 13/01/2021

Na teoría, seguindo a definición do dicionario, un piropo é unha “palabra ou dito amable con que se gaba a alguén coa intención de agradarlle”. Na práctica, nunha sociedade na que a igualdade de xénero non está acadada, esa palabra “amable” pode levar consigo a obxectivización sexual da muller e representar unha expresión de “sexismo benevolente”. Co obxectivo de afondar no seu uso tanto na poboación adulta como nas futuras xeracións, investigadoras da Universidade de Vigo desenvolven un proxecto pioneiro en España. [+info](#).




Patricia Torres, Judit Cerviño, Andrea López e María Tenorio

EDUCACIÓN E COMUNICACIÓN CENTRAN OS TRABALLOS DISTINGUIDOS COS PREMIOS SOFÍA NOVA

DUVI PONTEVEDRA 14/01/2021

O deseño de propostas educativas que permitan abordar con nenos e nenas os estereotipos de xénero que transmite a publicidade; a análise da repercusión do movemento *MeToo* nos principais xornais de España e Brasil; a presenza de trazos de xénero na orientación ao alumnado de secundaria e a abordaxe, desde un punto de vista coeducativo, das saídas didácticas para o ensino das ciencias. Estes foron os eixos dos catro traballos de fin de grao e mestrado galardoados na quinta edición dos [Premios Sofía Novoa](#). [+info](#).



O artigo alerta da necesidade de que a biodiversidade dos solos e os servizos ecosistémicos que dependen da mesma, sexan incorporados nas estratexias e políticas internacionais de conservación e manexo dos solos

INVESTIGADORES INTERNACIONAIS ALERTAN EN 'SCIENCE' DA URXENCIA DE PRESERVAR A BIODIVERSIDADE DOS SOLOS PARA PROTEXELOS

M^a DE CARMEN ECHEVARRÍA DUVI 14/01/2021

“En España, as políticas de protección do solo céntranse principalmente na loita contra a desertificación e a contaminación, e máis recentemente está sobre a mesa a proposición de Ley de suelos de alto valor agrológico y otros suelos de interés agrario (122/000321), pero xa é hora de que as políticas de conservación teñan en consideración que os solos están vivos e inclúan especificamente a protección dos organismos edáficos e as funcións que realizan, e non só para asegurar as que as actividades industriais, urbanísticas e agrarias sigan a funcionar ao mesmo ritmo”, explica a catedrática do Departamento de ecoloxía e bioloxía animal da Universidade de Vigo María Jesús Iglesias Briones. [+info](#).



Investigadoras e investigadores do campus participantes no proxecto

UN EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DA UVIGO PARTICIPA NUN PROXECTO SOBRE TECNOLOXÍAS FACILITADORAS PARA PEMES

DUVI OURENSE 15/01/2021

Consideradas o futuro da industria e caracterizadas por un uso intensivo de coñecemento, as tecnoloxías facilitadoras esenciais (TFE) abranguen desde a micro e a nanoelectrónica, a nanotecnoloxía e a biotecnoloxía industrial ata materiais avanzados, fotónica e procesos de fabricación avanzados. Neste eido, un equipo multidisciplinar da Universidade de Vigo formado por investigadoras e investigadores da Escola Superior de Enxeñaría Informática, das facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo e da Escola de Enxeñaría Industrial participa no proxecto NOVA TFE. [+info](#).



O posto da olimpíada está situado á entrada da biblioteca

DO 18 DE XANEIRO AO 18 DE FEBREIRO, AS HORAS NA BIBLIOTECA CONVÉRTENSE EN DIÑEIRO PARA UNHA BOA CAUSA

DUVI OURENSE 18/01/2021

Desde o 18 de xaneiro e ata o 18 de febreiro, as horas na Biblioteca Rosalía de Castro transfórmanse en diñeiro para unha causa solidaria grazas á participación un ano máis do campus de Ourense na [Olimpíada Solidaria de Estudo](#), iniciativa internacional organizada por ONGD Coopera, Cooperación Internacional e ACTEC. A recadación conseguida destinarase a un proxecto de axuda a nenas e mulleres vítimas de violencia sexual na República Democrática do Congo. [+info](#).


AS APLICACIÓNS DO PILATES NA FISIOTERAPIA CENTRAN UN CURSO DIRIXIDO A ESTUDANTES E PROFESIONAIS

DUVI PONTEVEDRA 18/01/2021

O interese de estudantes e profesionais por ampliar a súa formación respecto das aplicacións do pilates, un método de actividade física que permite traballar o aumento da flexibilidade e da forza muscular, así como a mellora do patrón respiratorio ante o esforzo, do equilibrio e da postura corporal. [+info](#).



Unha das actividades levadas a cabo nas anteriores edicións deste curso complementario




Universidade de Vigo

Carta da iniciativa

ÚLTIMOS DÍAS PARA PARTICIPAR NO V CONCURSO ESCOLAR DE CREACIÓN ARTÍSTICA DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

DUVI OURENSE 18/01/2021

O prazo para presentarse ao V Concurso Escolar de Creación Artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, aberto á participación de alumnado de Primaria e ESO da provincia de Ourense, remata o día 20 de xaneiro. A iniciativa enmárcase dentro das accións que cada curso académico organizan a Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense co gallo da celebración o día 11 de febreiro do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. [+info](#).



HOXE ABREN AS SALAS DE LECTURA ACONDICIONADAS NO CENTRO DE VIGO PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE

DUVI 19/01/2021

Os 156 postos de lectura acondicionados nos últimos días pola UVigo en dúas plantas do inmoble número 6 da rúa López Mora están operativos desde hoxe e ata o vindeiro 12 de febreiro, co obxectivo de que o alumnado poida preparar neles os exames do primeiro cuadrimestre. Amosando o seu carnet, o estudiantado pode acceder ás salas de estudo, que se localizan en dúas plantas do edificio cedido por Zona Franca á Universidade. [+info](#).



Unha conferencia celebrada na Facultade de Letras e Ciencias Sociais da Universidade Eduardo Mondlane

INVESTIGADORES VIGUESES FORNECEN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS EN CINCO LINGUAS MOZAMBICANAS E EN PORTUGUÉS AO PROFESORADO DO PAÍS AFRICANO

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA DUVI 20/01/2021

Pendente unicamente da presentación dos resultados en Mozambique, o proxecto Edubilmo, *Formación teórica e metodolóxica, elaboración, aplicación e validación de materiais educativos no Programa de Educación Bilingüe de Mozambique*, chegou ao seu fin. Transcorrido máis dun ano desde que arrancou esta iniciativa, na que participan docentes e investigadores do grupo GRADES da UVigo, xunto a colegas da Universidade Eduardo Mondlane do país africano, Edubilmo desenvolveu a meirande parte das actividades previstas. [+info](#).



A Vicerreitoría do campus acolle unha exposición do artista José Manuel García, Elohim

PINTURAS DA “ERA DE ACUARIO”

DUVI PONTEVEDRA 20/01/2021

Unha serie de lenzos, que a través do uso de pinturas fluorescentes, mudan o seu aspecto ao pasar a ser iluminados con luz ultravioleta, conforman, xunto cunha proxección audiovisual, a mostra que o artista José Manuel García, *Elohim*, presenta nestes días na sala de exposicións da Vicerreitoría do campus. *La Era de Acuario, el ascenso a la quinta dimensión o salto cuántico* é o título desta mostra pictórica, organizada polo propio artista coa colaboración da Vicerreitoría, que poderá visitarse ata finais de xaneiro. [+info.](#)



O alumnado que cumpra os requisitos pode solicitar as axudas ata o 19 de febreiro

A UVIGO DESTINA 90.000€ A PALIAR OS EFECTOS ECONÓMICOS DA PANDEMIA NAS FAMILIAS

M. DEL RÍO DUVI 21/01/2021

O estourido da pandemia da covid-19 na pasada primavera xerou un impacto repentino non só na saúde, senón tamén na economía de moitas familias afectadas por ERTes, despedimentos, peches de negocios ou redución de ingresos. Para que esta situación non afecte negativamente ao rendemento académico do alumnado, a Universidade de Vigo puxo en marcha unha serie de medidas extraordinarias en materia de axudas ao alumnado máis vulnerable. [+info.](#)



A acción aplicarase en casos de maternidade, conciliación e/ou violencia de xénero

AS CONVOCATORIAS PROPIAS DA UVIGO XA INCLÚEN UNHA ACCIÓN POSITIVA PARA PALIAR OS PARÓNS NA CARREIRA DO PDI DERIVADOS DA FENDA DE COIDADOS

M^a DEL CAMEN ECHEVARRÍA DUVI 22/01/2021

En abril de 2019 a Universidade de Vigo convertíase na primeira institución académica española, e unha das poucas de Europa, en aprobar unha acción positiva, dentro das convocatorias propias de produción científica en investigación, docencia e transferencia, que aborda a denominada “fenda de coidados” por razón de maternidade, conciliación e/ou violencia de xénero, que afecta principalmente ás mulleres docentes e investigadoras. [+info.](#)

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640